

CHUVISCA

Texto e ilustracións de FERNANDO PÉREZ HERNANDO

Tradución de MANUELA RODRÍGUEZ

Encadernado en cartonné. 22 x 22 cm. 40 páx. 14 €

Chuvisca (galego)

ISBN 978-84-1343-132-1. Álbum ilustrado. Demademora.

Chirmirlí (castelán)

ISBN 978-84-1343-133-8. Álbum ilustrado. Obras de autor/a.

Xim-xim (català)

ISBN 978-84-18558-30-6. Álbum il·lustrat. Obres d'autor/a.

Xirimiri (euskara)

ISBN 978-84-9172-265-6. Album irudidunak. Egile-lanak.

Molha-tolos (português)

ISBN 978-989-749-154-2. Álbum ilustrado. Obras de autor/a.

Sopra o vento. Cada tarde, mamá paxaro regresa á súa árbore.




Nela vive tranquila xunto aos seus catro fillos.

Na parte máis alta da árbore vive Rut, que só pía coa letra «U»...

Dunha adversidade, como a chuvia que enchoupa o fogar dunha familia de aves, xorde a oportunidade para que os seus habitantes aprendan os uns dos outros e enriquezan mutuamente os seus coñecementos, coa axuda dunha sabia mamá paxaro. «Chuvisca» é un álbum ilustrado que, dende a sinxeleza, presenta unha historia circular; unha certa metáfora desta sociedade individualista que, dende a solidariedade, a convivencia, a colectividade e a comunicación, pode mellorar.

Fernando Pérez Hernando converte as vogais nun recurso para xogar, estimulando a habilidade das lectoras e dos lectores para descifrar palabras e resaltando a importancia destes cinco signos e sons para artellar a nosa linguaxe. O autor propón un xogo fónico que asocia os cinco protagonistas con cada unha destas letras.

Dende o punto de vista narrativo trátase dun relato con estrutura acumulativa. A nivel gráfico, destaca pola súa economía de recursos, xa que toda a acción transcorre nun único escenario onde, a través de distintos planos, preséntanse uns simpáticos personaxes e as súas peripecias. O humor vai incrementando o seu protagonismo a cada páxina ata un final redondo que invita ao sorriso.



- **Temática:** solidariedade nas adversidades, convivencia, comunicación, aprendizaxe mutua.
- **Idade recomendada:** prelectores e primeiros lectores.
- **Aspectos destacables:** relato con estrutura acumulativa; vogais, linguaxe, xogo de palabras; familia, afectos; fenómenos meteorolóxicos: chuvia, vento...; do autor de «[A escada vermella](#)» (KALANDRAKA).
- **Avance do libro:**
<https://issuu.com/kalandraka.com/docs/chuvisca-g>
- **En Kalandraka TV:**
<https://kalandraka.tv/gl/videos/chuvisca/>

Fernando Pérez Hernando

(Valladolid, 1973)

Estudou ilustración na Escola de Arte de Valladolid e graduouse en Educación Primaria -especialidade de Música- na Facultade de Educación e Traballo Social da mesma cidade. Completou a súa formación en talleres de gravado e álbum ilustrado. Antes de dedicarse á ilustración, labor que compaxina co seu posto de bibliotecario en Renedo de Esgueva, traballou como deseñador en axencias de comunicación, ademais de participar na creación dun estudio de deseño. Tamén imparte obradoiros de ilustración e creatividade para a infancia en bibliotecas, museos e encontros literarios.
<https://elabuelopinta.wixsite.com/elabuelopinta>.

www. **Kalandraka** .com

comunicacion@kalandraka.com